

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2006.

O Regulamento (CE) nº 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, que establece a organización común de mercados (OCM) no sector do leite, no seu artigo 14 prevé a concesión dunha axuda comunitaria para a subministración aos alumnos de centros escolares de determinados produtos lácteos transformados.

O Regulamento (CE) nº 2707/2000, da Comisión do 11 de decembro, establece as modalidades de aplicación do antedito regulamento, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares e foi modificado polo Regulamento nº 816/2004, da Comisión, do 29 de abril.

As modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares establécense no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, modificado polos reais decretos 460/2004, do 18 de marzo, e 313/2005, do 18 de marzo. Estas modificacións afectan as bases reguladoras establecidas pola orde da entón denominada Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 30 de maio de 2002, polo que, sen prexuízo da aplicabilidade directa da normativa comunitaria, a entrada en vigor desa normativa comunitaria e da básica estatal, fan necesario ditar unha resolución que regule o procedemento de concesión de axudas á subministración de leite e produtos lácteos.

Esta resolución regula na súa sección I o procedemento para a tramitación e concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e na súa sección II, convoca as ditas axudas para o ano 2006.

Ademais, ten en conta o procedemento para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma, de conformidade co previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia así como no que resulta da aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria -Fogga- (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo -DOG nº 251, do 30 de decembro)- e o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, correspóndelle ao dito organismo, entre outras funcións, a execución da política agrícola

común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento das distintas organizacións comúns de mercados na Comunidade Autónoma de Galicia como, neste caso, a concesión das axudas aos alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos, dentro da OCM do leite e produtos lácteos.

Polo tanto, tendo en conta o disposto no artigo 78.3º e 8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no artigo 8 da Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Fondo Galego de Garantía Agraria (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002 de medidas fiscais e de réxime administrativo) e no artigo 14 d) e i) do Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 7/1994,

DISPONGO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto establecer, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o procedemento para tramitar a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e de produtos lácteos transformados recollidos no anexo I desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 14.1º do Regulamento (CE) nº 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, e no Regulamento (CE) 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro, así como no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, e convocar as ditas axudas para o ano 2006, polo que se estrutura en dúas seccións, a Sección I dedicada ao establecemento das bases reguladoras e a Sección II referida á convocatoria da axuda para o ano 2006.

Sección I Bases reguladoras

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Serán beneficiarios desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros ou establecementos escolares, recoñecidos polas autoridades competentes, dos seguintes niveis de ensino:

- a) Educación infantil, incluídos os xardíns de infancia ou gardarías e outros establecementos de educación preescolar.
- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio.
- d) Educación especial.

2. As axudas concederanse para os días lectivos de desenvolvemento do curso escolar. O número de días lectivos, sen engadir os días de vacacións, será o establecido na Comunidade Autónoma de Galicia pola autoridade competente e, no caso de centros de educación infantil e de educación especial, poderán facerse extensivas aos días lectivos dos meses estivais en que estes centros permanezan abertos.

Os alumnos non se poderán beneficiar da axuda durante a súa estada en colonias de vacacións organizadas polo centro escolar ou pola autoridade competente.

3. A axuda concederáselle a un solicitante autorizado conforme as disposicións do artigo 7º, para a subministración dos produtos lácteos previstos no anexo I.

Artigo 3º.-Produtos lácteos subvencionables e restricións.

1. A axuda concederase, exclusivamente, para os produtos lácteos a que se refire o anexo I, cando se consuman nas dependencias do establecemento escolar.

A concesión da axuda estará supeditada a que a van-taxe que representa repercute directamente nos alumnos dos establecementos escolares.

2. Para tal efecto, non se poderán utilizar os produtos obxecto de subvención na confección de comidas, mentres non dispoña o Estado español de autorización da Comisión Europea, nos termos previstos no artigo 3.2º do Regulamento 2707/2000.

Ademais, prohíbese a utilización dos produtos obxecto de subvención no servizo de cafetería dos centros escolares, así como a súa subministración, nos ditos centros a través de catering, cociñas centrais, comedores colectivos, residencias de estudantes ou outros establecementos e sistemas semellantes.

3. A axuda concederase unicamente se os produtos previstos no anexo I cumpren os requisitos establecidos no Real decreto 1979/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización do leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos, en particular, os relativos á fabricación nun establecemento autorizado e os relativos á marca de salubridade enumerados na parte A do capítulo IV do anexo C do dito real decreto.

Artigo 4º.-Contía da axuda.

1. Os importes das axudas, por cada 100 quilos de produto de cada categoría serán os especificados no anexo VIII para cada período.

2. Non obstante o anterior, no suposto de que a axuda sexa superior ao prezo de venda aplicado polo provedor con anterioridade á dedución da axuda, esta minorarase, de xeito que se garanta que non supere o prezo do produto en cuestión.

3. No caso de que as cantidades de produtos subministrados se expresen en litros, a súa conversión en quilogramos efectuarase mediante a aplicación dun coeficiente de 1,03.

4. Coa finalidade de que a axuda repercute directamente nos alumnos dos establecementos escolares, a respectiva resolución de convocatoria das axudas fixará, para cada curso escolar, no caso de que varíe, o prezo máximo que deberá pagar o alumno para os diferentes produtos subvencionables, de acordo co custo medio da materia prima e as modificacións que, se é o caso, se produzan na contía da axuda.

Artigo 5º.-Cantidade máxima subvencionable.

1. A axuda concederase pola cantidade máxima global de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día lectivo.

Para a aplicación da cantidade máxima indicada no parágrafo anterior teranse en conta as cantidades globais de produtos lácteos susceptibles de axuda durante o período para o que se solicita a dita axuda, así como o número de alumnos matriculados no centro escolar correspondente ou, no caso dos solicitantes previstos na alínea c) do artigo 6º, sobre a base de alumnos inscritos na listaxe do solicitante.

2. No caso dos produtos das categorías VIII e IX previstas no anexo I, o cálculo sinalado no punto anterior efectuarase con base nas cantidades seguintes:

a) 100 kg de produtos da categoría VIII consideraranse equivalentes a 300 kg de leite enteiro.

b) 100 kg de produto da categoría IX consideraranse equivalentes a 765 kg de leite enteiro.

Artigo 6º.-Solicitantes da axuda.

Poderán solicitar a axuda:

a) O centro escolar.

b) Asociacións de pais de alumnos (APA) ou outra organización vinculada ao centro escolar, dentro do seu ámbito de actuación.

c) O provedor dos produtos.

Artigo 7º.-Autorización para subministrar os produtos subvencionados.

1. Os solicitantes de axudas que pretendan subministrar produtos lácteos a centros escolares situados na Comunidade Autónoma de Galicia deberán ser autorizados polo Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), para o cal presentarán unha solicitude con anterioridade ao 30 de novembro de cada ano, nos modelos a que se refire o punto 2 deste artigo e será resolta no prazo previsto no punto 3.

2. A dita resolución de autorización efectuarase segundo o modelo que figura nos anexos II A (provedores) e II B (APAS e centros escolares), asumindo o solicitante os compromisos que se indican nos devanditos modelos, e presentaranse na forma prevista no artigo 9º.1 desta resolución, xunto coa seguinte documentación:

a) Memoria técnica das instalacións de produción e distribución, se é o caso, e/ou almacenamento.

b) Certificación da inscrición no rexistro sanitario de alimentos, para o caso de que o solicitante sexa un provedor.

3. O correspondente servizo provincial do Fogga, á vista da solicitude e documentación presentadas, e logo da constatación de que o solicitante se atopa inscrito no Rexistro de Industrias Agrarias-no caso de que este sexa un provedor-, elevará, a través da delegación provincial do Fogga, a oportuna proposta ao director do organismo, para que este resolva sobre a solicitude de autorización no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, entendéndose estimadas por silencio posi-

tivo aquelas que non sexan resoltas e notificadas no dito prazo.

4. A autorización poderá ser suspendida, por un período dun a doce meses, ou retirada, polo director do Fogga, en calquera momento, atendendo á gravidade da infracción, polo incumprimento dalgún dos compromisos asumidos polo provedor autorizado ou pola existencia das irregularidades previstas no artigo 11º desta resolución, logo de ponderar as circunstancias que concurran en cada caso. No suposto de retirada, transcorrido un período mínimo de, polo menos, seis meses, poderá concederse unha nova autorización, por instancia do interesado, logo de valorar os antecedentes que motivaron a retirada da anterior.

5. Respecto das autorizacións a provedores concedidas polo FEGA a nivel estatal, o director do Fogga, nos casos en que proceda, elevará ante o dito organismo una proposta de suspensión ou retirada da autorización.

Artigo 8º.-Presentación de datos.

1. Entre os días un e quince, ambos os dous incluídos, do mes anterior ao inicio do servizo ao centro escolar, os solicitantes autorizados presentarán, no respectivo servizo provincial do Fogga, unha relación na cal figuren os datos correspondentes ao/s centro/s escolar/es e aos produtores que subministrarán a cada centro, axustada ao modelo dos anexos III e V, xunto coa certificación de compromisos e de datos do centro, de acordo co anexo IV.

2. Entre o día dezaseis e o último do mes anterior ao inicio do servizo, o respectivo servizo provincial do Fogga autorizará, se procede, o comezo da subministración aos centros escolares.

Artigo 9º.-Solicitude de pagamento da axuda.

1. As solicitudes de pagamento da axuda, debidamente asinadas serán formalizadas polo solicitante autorizado, de acordo cos modelos previstos nos anexos VI e VII desta resolución, e presentaranse nos servizos provinciais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación das solicitudes rematará o último día do cuarto mes seguinte ao da subministración dos produtos. Non obstante, admitiranse as solicitudes presentadas no quinto e sexto mes seguinte, reducíndose o seu importe nun 5% se o atraso é inferior a un mes, e nun 10%, nos demais casos.

3. Coas solicitudes de pagamento da axuda chegaranse:

-As correspondentes facturas (orixinal ou copia compulsada), que reflectirán, por separado, o custo total de cada produto subvencionado (base imponible máis IVE) e o importe da axuda, así como unha proba do seu pagamento.

-Certificado ou recibo do centro escolar das cantidades efectivamente subministradas.

Ademais, os solicitantes deberán acreditar o cumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios das subvencións e axudas públicas no Decreto lexislati-

vo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, salvo que na solicitude de pagamento (anexo VI) autoricen ao Fogga para solicitar a expedición dos correspondentes certificados acreditativos.

Artigo 10º.-Controis.

1. O Fogga realizará inspeccións periódicas aleatorias, co obxectivo de comprobar a correcta aplicación do programa de leite escolar previsto nesta resolución. Para tal efecto, serán obxecto de control:

a) A calidade dos produtos subministrados.

b) A non utilización dos produtos na confección das comidas.

c) A distribución correcta (lugar, horario, forma, repartidor, produto, etc.) a todos os alumnos participantes.

d) A observancia dos prezos máximos vixentes.

e) A observancia das cantidades máximas consumidas por cada alumno.

f) A contabilidade específica para este programa.

g) A comprobación da facturación en relación coa solicitude de pagamento das axudas.

h) Calquera outro aspecto necesario para determinar que a axuda repercute directamente en beneficio dos alumnos.

i) E, en xeral, a utilización dos produtos subvencionados de conformidade coas disposicións vixentes.

2. Os controis e inspeccións serán realizados por persoal do Fogga debidamente autorizado, que redactará a correspondente acta de inspección, na que constarán, con claridade e detalle, as posibles irregularidades detectadas.

Artigo 11º.-Irregularidades.

1. A existencia de irregularidades na calidade dos produtos subministrados, se é o caso, ou distribución incorrecta a todos os alumnos participantes (lugar, horario, forma, distribuidor e produto); ou a utilización dos produtos durante a estada dos alumnos en colonias de vacacións, o incumprimento dos prezos máximos vixentes, a superación das cantidades máximas de consumo por alumno e día lectivo, os erros cometidos na facturación e/ou na contabilidade, a falsidade de datos, a desviación dos produtos do seu destino e, en xeral, calquera impedimento, total ou parcial, para que a axuda repercuta directamente en beneficio dos alumnos, poderá implicar a suspensión ou retirada da autorización ou, se é o caso, a proposta de suspensión ou retirada, de acordo co previsto no punto 4 do artigo 7º desta resolución, sen prexuízo das responsabilidades de calquera tipo nas que puidesen incorrer os responsables do centro escolar, APA e o provedor.

2. Sen prexuízo do anterior, a existencia de calquera irregularidade na execución do programa de leite escolar previsto nesta resolución poderá dar lugar á denegación ou minoración da axuda solicitada.

3. As medidas previstas nos dous puntos anteriores non se aplicarán nos supostos de forza maior, así como nos casos en que se determine que as irregularidades non se cometeron deliberadamente ou por negligencia, sen prexuízo dos apercibimentos e inspeccións que correspondan.

Artigo 12º.-Tramitación e resolución das solicitudes de axuda.

1. Efectuados os controis pertinentes, os servizos provinciais do Fogga elevarán a oportuna proposta, a través da delegación provincial, ao director do Fogga, sobre as solicitudes presentadas, para que este dite a correspondente resolución.

2. O prazo máximo de resolución e pagamento das axudas será de catro meses desde que a solicitude de axuda entrou no servizo provincial do Fogga.

3. Na falta de resolución expresa no prazo anterior, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo dos produtos obxecto de subvención.

Artigo 14º.-Reintegro da axuda.

Procederá reintegro, total ou parcial, do importe da axuda e mais os xuros de mora producidos desde o seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 15º.-Recursos administrativos.

1. Contra as resolucións ditadas, en aplicación desta resolución, polo director do Fogga poderase interpoñer un recurso de alzada ante o presidente do dito organismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificados pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Se a resolución non fose expresa, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Artigo 16º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos correspondentes do Fogga, os beneficiarios

das axudas do programa de leite escolar teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Sección II

Convocatoria para o ano 2006 das axudas para a subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares

Artigo 17º.-Condicións e finalidade.

As axudas que, por esta resolución, se convocan para o ano 2006, concederanse pola subministración, a través dun solicitante autorizado, dos produtos lácteos transformados sinalados no anexo I da citada orde pola que se establecen as bases reguladoras, aos alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, de conformidade co previsto nos artigos 2º e 3º da sección I desta resolución, relativos aos beneficiarios e solicitantes autorizados, e á utilización dos produtos lácteos.

Artigo 18º.-Solicitude de autorización como subministrador de produtos subvencionados.

1. Os novos solicitantes que queiran participar no programa do leite escolar deberán solicitar o ao Fondo Galego de Garantía Agraria, segundo os modelos que figuran nos anexos II A (provedores) e II B (APAS e centros escolares) desta resolución, e seren autorizados para operar como tales, ao abeiro do disposto no artigo 7º desta resolución.

2. Os provedores xa autorizados polos órganos competentes, de acordo coa normativa anterior, poderán participar no réxime das axudas previstas nesta sección.

Artigo 19º.-Proposta de subministración.

1. Os participantes no programa deberán presentar unha proposta de subministración de produtos lácteos a centros escolares e asumir os correspondentes compromisos, segundo o disposto no artigo 8º.1 desta resolución.

2. As solicitudes de pagamento presentaranse de conformidade co previsto no artigo 9º desta resolución, nos servizos provinciais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 20º.-Solicitudes de pagamento.

1. As solicitudes de pagamento presentaranse de conformidade co previsto no artigo 9º desta resolución e nos servizos provinciais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

2. Conforme o previsto no artigo 9º.3, parágrafo 2º, da sección I desta resolución, cando na solicitude de pagamento (anexo VI) non autorizasen o Fogga para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e da Consellería de Economía e Facenda a expedición dos certificados acreditativos de estar ao

día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública desta comunidade autónoma, os solicitantes deberán achegar as ditas certificacións xunto coa solicitude de pagamento da axuda, agás no caso de que o importe da axuda non exceda de 1.500 €, suposto no que quedarán exentos de achegar os xustificantes correspondentes.

Artigo 21º.-Prezos máximos.

Para o curso escolar 2005-2006, de conformidade co establecido no artigo 4º.4 desta resolución, o prezo máximo que deberá pagar o alumno para os diferentes produtos subvencionables será o indicado no anexo IX desta resolución.

Artigo 22º.-Financiamento.

1. Esta convocatoria tramítase de acordo co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, de tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001. O seu financiamento efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.90.614A.779.0, do proxecto do orzamento de gastos do Fogga para 2006, por importe de 420.000 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas condicionarase á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposición adicional

Única.-Sen prexuízo do previsto no artigo 11º desta resolución, seralles de aplicación aos beneficiarios das axudas reguladas nela o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo co procedemento previsto no capítulo VII do Decreto 287/2000.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2006.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2005.

Edelmiro López Iglesias
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

ANEXO I

LISTA DE PRODUCTOS QUE SE PODEN BENEFICIAR DA AXUDA

Categoría I:

- a) Leite enteiro tratado termicamente cun contido en materia graxa mínimo do 3,5 por cento.
- b) Leite enteiro con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña como mínimo un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).
- c) logur de leite enteiro obtido a partir do leite previsto na alínea a) ⁽¹⁾.

Categoría V:

- a) Leite semidesnatado tratado termicamente cun contido en materia graxa entre o 1,5 por cento, como mínimo, e o 1,8 por cento, como máximo.
- b) Leite semidesnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).
- c) logur de leite semidesnatado obtido a partir do leite previsto na alínea a) ⁽¹⁾.

Categoría VII:

- a) Leite desnatado tratado termicamente cun contido en materia graxa do 0,5 por cento como máximo.
- b) Leite desnatado con sabor a chocolate ou aromatizado tratado termicamente e que conteña, como mínimo, un 90 por cento en peso do leite previsto na alínea a).
- c) logur de leite desnatado obtido a partir do leite previsto na alínea a) ⁽¹⁾.

Categoría VIII:

Queixos frescos e fundidos non aromatizados, cun contido de materias graxas en peso da materia seca igual ou superior ao 40 por cento. Para os efectos desta categoría, por queixo non aromatizado entenderase o queixo obtido exclusivamente a partir de leite, porén acéptase que se poidan engadir as substancias necesarias para a súa fabricación, sempre que as ditas substancias non se utilicen total ou parcialmente para substituír calquera contido lácteo.

Categoría IX:

Os queixos que non sexan nin frescos nin fundidos, cun contido de materias graxas en peso da materia seca igual ou superior ao 45 por cento.

⁽¹⁾ Quedan expresamente excluídos da lista os iogures chocolateados, aromatizados, con froitas ou con azucre, os iogures líquidos para beber e as sobremesas lácteas.

COMPROMETÉNDOSE A:

- 1.- Destinar os produtos lácteos exclusivamente ao consumo polos alumnos que dependan do ou dos centro/s escolar/es para o/s que solicita a axuda.
- 2.- Reembolsar o importe da axuda que se cobrase indebidamente (por superar as cantidades máximas permitidas, por falsidade de datos, por desviación do seu destino dos produtos subministrados, ou por calquera outra irregularidade cometida no programa de leite escolar) sen prexuízo de calquera outra responsabilidade a que houber lugar.
- 3.- Poñer os documentos xustificativos da axuda á disposición do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), cando lle sexan solicitados por este.
- 4.- Permitir as inspeccións físicas sobre o terreo.
- 5.- Levar unha contabilidade na que se especifique o fabricante dos produtos lácteos, o nome e enderezo dos centros escolares destinatarios deles durante o curso escolar, e as cantidades dos produtos que foron vendidas ou subministradas.
- 6.- Someterse ás medidas de control que para tal efecto estableza o FOGGA e, en particular, respecto da comprobación da súa contabilidade.
- 7.- Subministrar produtos coas exixencias impostas pola lexislación técnico-sanitaria nacional e pola regulamentación comunitaria, que se elaborasen en territorio da Comunidade Europea.
- 8.- Establecer unha conta corrente especial, única e exclusiva para o Programa de leite escolar.

DECLARA:

Coñecer a regulamentación ao respecto e comprométese a cumprila, quedando advertido de que o incumprimento total ou parcial destas obrigas implicará a perda da condición de provedor autorizado, sen prexuízo das sancións que correspondan polas infraccións en materia de subvencións e axudas previstas no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, ou das accións de orde penal, civil ou administrativo que procedesen.

E XUNTO A DOCUMENTACIÓN SEGUINTE:

- Memoria técnica das instalacións de produción, distribución e/ou almacenaxe.
- Certificado de asento no Rexistro Sanitario de Alimentos.

<p>LEXISLACION APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2006.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____</p> <p style="text-align: right;">de _____ de 2006</p>

(Para cubrir pola Administración)		<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>_____</p>
<p>RECIBIDO</p> <p>_____</p>		<p>DATA DE ENTRADA</p> <p style="text-align: center;">/ /</p>
<p>REVISADO E CONFORME</p> <p>_____</p>		<p>DATA DE EFECTOS</p> <p style="text-align: center;">/ /</p>
		<p>DATA DE SAÍDA</p> <p style="text-align: center;">/ /</p>

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)

COMPROMETÉNDOSE A:

- 1.- Destina-los produtos lácteos exclusivamente ao consumo polos alumnos que dependan do ou dos centro/s escolar/es para o/s que solicita a axuda.
- 2.- Reembolsar o importe da axuda que se cobrase indebidamente (por superar as cantidades máximas permitidas, por falsidade de datos, por desviación do seu destino dos produtos subministrados, ou por calquera outra irregularidade cometida no programa de leite escolar) sen prexuízo de calquera outra responsabilidade a que houber lugar.
- 3.- Poñer os documentos xustificativos (facturas, probas de pagamento, etc.) da axuda á disposición do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), cando lle sexan solicitados por este.
- 4.- Permitir as inspeccións físicas sobre o terreo.
- 5.- Someterse ás medidas de control que para tal efecto se establezan polo FOGGA e, en particular, respecto da comprobación da súa contabilidade.
- 6.- Subministrar produtos coas exixencias impostas pola lexislación técnico-sanitaria nacional e pola regulamentación comunitaria, que se elaborasen en territorio da Comunidade Europea.
- 7.- Establecer unha conta corrente especial, única e exclusiva para o Programa de leite escolar.

DECLARA:

Coñecer a regulamentación ao respecto e comprométese a cumprila, quedando advertido de que o incumprimento total ou parcial destas obrigas comportará a perda da condición de subministrador autorizado, sen prexuízo das sancións que correspondan polas infraccións en materia de subvencións e axudas previstas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, ou das accións de orde penal, civil ou administrativo que procedesen.

E XUNTA A DOCUMENTACIÓN SEGUINTE:

-Memoria das instalacións para a conservación e almacenamento do leite e dos produtos lácteos que se van subministrar.

LEXISLACION APLICABLE

Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de

de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)